



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE VIVENDAS

O xoves día 04 de novembro de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se convoca o Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- **Actuación tipo 1**
Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica: cubertas, fachadas, fiestras,...
- **Actuación tipo 2**
Mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria: substitución de enerxía convencional por solar térmica, xeotermia, biomasa, mellora dos subsistemas de distribución, regulación, control e emisión das instalacións térmicas,..
- **Actuación tipo 3**
Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación: cambio de luminarias, lámpadas e equipo.

As actuacións deberán acadar as dúas seguintes condicións:

- Unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable do 30 % respecto á situación actual do edificio.
- A mellora da cualificación enerxética total do edificio en, polo menos, unha letra medida na escala de emisións de dióxido de carbono (kg CO₂ /m² ano). Este último criterio non será de aplicación cando o edificio acredite ter unha cualificación enerxética A.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da subvención será o resultado de sumar a axuda base, que é de **entre un 20% e un 50% segundo o tipo de actuación realizada**, máis a axuda adicional que corresponda, de ser o caso, en función de criterios sociais, eficiencia enerxética e si inclúe obras correspondentes a dúas ou máis tipoloxías, podendo acadar o 100%.

PRAZO DE SOLICITUDES

As axudas previstas nesta convocatoria **poderanse solicitar desde o día 3 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2022.**

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 12 de novembro de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

